

## **XIX Festival da Poesia no Condado. Antologia poética. Salvemos os rios**

### **Formas de citación recomendadas**

#### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

*XIX Festival da Poesia no Condado. Antologia poética. Salvemos os rios* (2011 [2005]). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Deportiva Condado. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1526>>.

#### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

*XIX Festival da Poesia no Condado. Antologia poética. Salvemos os rios* (2005). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Deportiva Condado.

- \* Edición dispoñíbel desde o 7 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



xix festival da poesia no condado

Salvemos os rios

xix festival da poesia no condado  
antologia poética

*Salvemos os rios*



**xix festival da poesia no condado**

**sociedade cultural e desportiva condado**

obabnoosviroqpelemtarufibebz

**xix festival da poesia no condado**  
**antologia poética**

*Salvemos os rios*

obabnoosviroqpelemtarufibebz

**sociedade cultural e desportiva condado • 2005**

## táboa

prólogo de manuel soto castiñeira [9]

galiza e portugal:

maría comesaña [17]  
bernardino graña [23]  
mário herrero [25]  
maria do carmo kruckeberg [28]  
antón lopo [33]  
luz pozo garza [39]  
alfonso pexegueiro [43]  
jósé vialé moutinho [49]


convidados:

íñigo aranbarri [57]  
jósé luis otamendi [61]  
maría cabrera [67]

autores [73]

créditos e agradecementos [83]

© sociedade cultural e desportiva do condado, 2005  
deseño gráfico: x.carlos hidalgo lombra  
promove: granxa fillaboa e adegas galicia  
colabora: concelho de salvaterra de minho  
dep. legal: c-2053-2005  
imprime: gráficas litor



## limiar: salvemos os ríos

O INDUSTRIALISMO considera a auga como un simple recurso produtivo e mostra un profundo desprezo polos valores, funcións e servizos ambientais ligados aos ecosistemas fluviais. Explicase así o proceso de degradación sen precedentes dos nosos ríos, zonas ribeirñas e húmidais. O progresivo coñecemento destes complexos ecosistemas permítenos hoxe apreciar e valorar mellor os valiosos servizos que xeran. A depuración natural e autodepuración nos ríos, o controle de cheias, a conservación da biodiversidade, a recarga dos aquíferos, o mantemento dos deltas e praias, etc, etc, funcións todas elas relacionadas entre si co grao de naturalidade dos ecosistemas acuáticos...

Tamén a profunda relación entre ríos, territorio e sociedade foi sistematicamente esquecida. Ignoráronse os dereitos dos povos que habitaron durante centenas ou millares de anos en estreita relación cos ríos. Ignorouse o dereito das persoas a permaneceren no ámbito territorial no que fundaron as raíces da súa propia existencia. Velái o sacrificio en masa de patrimonios sociais e da natureza polos encoros e outras instalacións hidroeléctricas, a sistemática destrución de bosques ribeirños, o enxugo de zonas húmidas e a xeneralizada contaminación das augas.

Fronte ao produtivismo compre unha nova cultura da auga. Unha cultura que entenda os ríos como corpos vivos complexos e dinámicos, e non como simples colectores de auga. Que comprenda que dispor de augas de calidade pasa por respetar e preservar a funcionalidade e a vida dos ecosistemas que integran o ciclo natural da auga. Que recupere o tradicional valor lúdico, estético e simbólico das paisaxes da auga.

A conservación do recurso, a eficiencia, a economía, a ordenación do territorio, a participación colectiva... son algunhas das chaves desta nova cultura da auga, que ademais require unha profunda reforma das institucións encargadas da súa xestión, a administración das bacías na súa integridade xeográfica e natural, o que require a co-xestión hispano-lusa e luso-galaica, e a integración das augas subterráneas e litorais

(as rías galegas!) nesa xeestión. Mais, se o mercado pode axudar á mellora da eficiencia, móstrase cego no que se refere á xeestión de valores ambientais, sociais, éticos e de equidade interterritorial, o que xustifica e dá relevo ao papel dunha administración reformada. Tudo isto existe certamente umha mudanza cultural, non só na Administración, mais no conxunto da sociedade.

A nova cultura lévanos a um aprofundamento no concepto de sustentabilidade, que preveña os graves impactos sobre as comunidades locais, incluídos aqueles de tipo ético, cultural e psicolóxico, e incorpore os valores e patrimonios socioculturais e de ética interxeracional. A necesidade dunha sustentabilidade ecosocial móstranos como o problema da auga é ante todo un problema cultural, e non meramente produtivo e de eficiencia técnica.

De acordo con Javier Martínez Gil, a auga é ela mesma, máis todo o que nela vive, o que dela depende, todo canto simboliza e representa a súa presenza, e todo aquilo que con ela pode ser criado e potenciado. A auga é símbolo de dúas das máis elevadas construcións do pensamento humano: a pureza e a fertilidade. Á auga atribúenselle desde antigo poderes curativos, ten un alto poder simbólico na cultura xudeu-cristiana, foi elemento de benestar e pracer na Roma clásica, é símbolo de purificación e de hospitalidade na cultura islámica.

O uso indiscriminado da natureza e a súa consideración como simple factor de produción rixe as nosas sociedades hoxe, mais non todas as culturas concebiron unha relación tal entre a humanidade e a natureza. Para o indio Noah Seattle “a auga cristalina que corre polos ríos e regos non é só auga, representa tamén aos nosos antepasados. Os ríos son os nosos irmáns... e deben ser tratados coa mesma dozura coa que se trata un irmán”.

No “país dos mil ríos”, a literatura e o folclore son ricos en alusións á auga. Conceptos como os de hospitalidade (*Pasei pola tua porta / Pedínche auga, non ma deches / En pasando pola miña / Farei o que ti fixeche*), ou a importancia da auga en relación con outros recursos naturais (*Auga que forte eres, / que apagas o lume / que queima ao pau / que malla ao gato / que come ao rato / que fura o muro / que torna o aire / que corre a nube / que cubre a lúa / que turba o sol / que derrete a neve / que no meu pé prende*) aparecen no noso folclore.

Os coñecidos versos de Rosalía de Castro (Adiós ríos, adiós fontes...)

son cantados hoxe nas manifestacións ecoloxistas. Cabanillas introduciunos nos elementos dun complexo ciclo da auga:

*¡Ágoa homilde, ágoa irmán,  
ágoa chea de gracia, de dozura e beleza  
¡ágoa maina, ágoa san,  
que eres toda limpeza,  
craridade e saúde,  
e fartura de pan,  
que eres toda virtude  
contra o aire do sapo e ferrón do alacrán,  
a pezoña da cobra e a dentada do can!*

*¡Ágoa boa que prega, que ri e que canta  
antre todas as cousas eres bendita e santa!*

...

*Nas adoas de orballo de locente feitizo  
nos pelouros saltóns do pedrizo,  
nos cristiás de xiada  
no milagre de choiva,  
na folerpa de neve, bordada  
como encaixe de noiva,  
na folerpa de neve, tecida  
como velo de freira,  
barbullada nas fontes da vida,  
lanzal mensaxeira  
das outras rexións,*

...

O inesquecible Manuel María adicou á auga e aos ríos varios libros, como *Poemas para decir-lle a dúas lagoas* (1994), *O Miño canle de luz e néboa* (1996), que exemplifica no Miño a problemática social e ambiental dos grandes ríos na Galiza, ou *Compendio de orballos e incertezas* (1991). Neste último, a Baladiña do regato do Cepelo, pequeno río este que atravesa Outeiro de Rei, mostra a auga, mesmo nas súas formas máis humildes, como a esperanza contra as tebras do mundo:

*“Sei que eu non son un río caudal  
como o Pai Miño, senón breve,  
humilde vea de auga  
como o pobre regato do Cepelo  
que vai entre carpazos, toxos,*

*freixos, abidueiras e ameneiros  
dicendo a súa canción emocionada  
por que sexa menor este silencio  
que, como unha meŝta tebra,  
intenta envolver a todo o mundo (...)*

ou como factor de fertilidade, de froito, de vida:

*"A choiva cai silenciosa  
sobor da terra calada  
que, ao sentirse mollada  
se lle entrega garimosa  
A terra e a choiva son  
unha parella exemplar  
pois ambas fan agromar  
a flor e froito en sazón (...)"*

En Oráculos para cavaliños-do-demo (1986), tamén de Manuel María, os ecosistemas fluviais elévanse a conceptos definidores de nación:

*"Claro reguero, alto de músicas,  
de apaixonados asubios máxicos,  
médranche as árbores como anxeios,  
vixian o teu tremor as espadanas:  
nación, ti só, única patria  
dos cabaliños do demo que te voan  
coa súa gracia sutil e delicada (...)"*

Sirvan de mostra estas referencias literarias. No país dos mil ríos, son tamén miles os versos que os interpretan e os defenden. Conservar a integridade dos nosos ríos, as nosas paisaxes fluviais e acuáticas, a inmensa biodiversidade que foron capaces de xerar e albergar, pasa por recrear as vivencias individuais e colectivas arredor da auga e os ríos. Os nosos ríos chegaron até hoxe con toda a súa esencia, mais están tocados de morte. Ao longo de miles de anos, axudaron a conformar a psicoloxía das xentes galegas, determinando boa parte do seu quefacer diario. Foron factores chave de socialización e actuaron como elementos trascendentais da cultura galega. A alianza entre ríos e cultura é hoxe e no futuro un piar básico para a sobrevivencia mútua.

**Manuel Soto Castiñeira**  
Xullo de 2005



**"REVOLUTION IN OUR LIFETIME"**



**poetas:**  
galiza e portugal





**María Comesaña:**  
*xogo que me regalo...*

non parar  
non parar nunca  
voar  
enviar cartas calquera destes días para denunciar as perturbacións  
[dos sentidos]

quédame moito por dicir  
se me comprendo entendería todo  
un suxeito atado que non existe  
ás veces debúxome compensada polos dualismos  
amo a velocidade  
a absoluta felicidade da agonía  
prescindo dalgúns verbos  
déixasme ir con voz metálica  
se as palabras non fosen mentiras nin diría máis que palabras  
e bastaría  
a carne  
o cuspe  
falta a metade de min  
incompleta en cada transformación  
por maior alivio da xente  
non podo deixar de pensar que os insectos fan compañía  
reprodúzome incontroladamente  
o meu traballo consiste en derrubar portas  
aumenta a miña colección de frascos de cristal  
non teño amigos nin amigas pero creo na reencarnación dos corpos  
son impulsiva qué máis podo dicir  
clasificovos por cores  
ás veces estou soa pero de pé  
cústame durmir cando hai silencio  
o meu ideal é a ovarioidistectomía  
corro cun silenciador na boca

temo protexerme das preguntas sobre min  
río dos teus agoiros  
todo se fai insoportablemente tempo  
debo censurarme para manter o meu status  
divírtome contando  
*xoga ó que non xoguei*

*... un seis de xaneiro*

repréndome porque debería escribir máis  
vivir máis  
respirar máis forte e máis simple  
autorizarme a cometer erros  
despego todos e cada un dos reloxos  
sopréndome ben pouco  
nalgún país só un xesto vale  
a docilidade podería ser unha forma de coñecemento máis barata  
afogo por todo o que me rodea e recorda a permanente levidade

[do fracaso

e estou aberta a tantas cousas  
desespérome consciente da miña desesperación  
escoito un pouco máis  
vou regalar as palabras incompletas nada máis que porque está

[de moda

perdo o tempo decapitando flores  
oxalá se todo fose mentira  
non é seguro transmitir coñecementos  
noto unha vocación exterior coa que convivo por minutos  
confeí nalgunhas promesas equivocadamente  
perdín profesións e un estilo propio  
é tan masculino facer os deberes  
por moito que imaxino non hai altares  
a miña cabeza soña perpetuamente  
non distingo amigas de inimigas  
denuncio problemas de comunicación  
é total a miña falta de entendemento  
que repercute nestas poucas conversas entrecortadas  
non vai ser só cuestión de tempo  
é a miña vocación de clandestinidade ou a blasfemia como relixión  
todas as miñas emisións deben ser controladas  
digo sen pesar  
inútil é protestar pola miña incompetencia

*nunca reflicto luz*

evito as palabras explícitas  
quero saber qué facer coas feridas  
de lonxe e romper con todo  
pero o que recibo son máis ataduras e poucos ánimos  
exáltome comedidamente e dáme noxo esta imprecisión  
son fisicamente inaccesible a calquera curva  
odio os miramentos  
escóndome na represión para non danar a miña imaxe fráxil  
doume poucos descansos e concibo a palidez como atributo  
é finxir unha comedia

emprego armas contra min mesma  
lambo contusións para seguir respirando  
mataríame todo

peco de discreta nas miñas confesións  
compénsame un só segundo  
desaparézome ante as inclemencias  
acepto mal calquera crítica porque me importa a impostura  
procuro importunarme a cada pouco desde a miña posición  
[privilexiada

confundo a loucura con adaptación

*nunca reflicto a luz*

eſtou na mínima parte das direccións coa dúbida por todo nome  
[afirmativo

faría ben de queimalo todo  
perdo pé cando todo se complica  
decido instalarme na monarquía  
vivo nun corpo enfermo  
poderían amputarme todos os sentidos que seguiría pedindo  
[flores de papel

o final non ten por qué ser abrupto  
despois de todo sigo aquí pedindo esmola mentres as bombas caen  
coa normalidade da chuvia  
o sangue nunca é alleo  
a historia é unha sucesión de mortes






**Bernardino Graña:**  
**PARA BEBER AUGA E VIÑO E ESTARMOS XUNTOS**


Colle a modo ascuas do fogo  
reconstruído do teu lar  
coa túa man e co teu soño,  
onde non reina o alquitrán.  
Con unto de porcos bravos  
e estrugas dos ortigais.  
Con chispas e lostragazos  
e tronos dun temporal.  
Sacando con viño as nubes  
que entoldan o teu ollar.

Con viño ao caír do sol  
e con auga na mañán.  
Con pingas limpas, correntes  
dunha fonte perenal,  
das vellas fontes dos montes  
con auga sempre a cantar.  
Derrete ese lazo, o xelo  
do duro egoísmo e vai  
sacando con viño as nubes  
que entoldan o teu ollar.

Desterra á barraca a mala  
araña co seu tear.  
Conderna no seu burato  
o fel do lagarto arnal.  
Derruba a caivanca fonda  
serpes mudas, sen campás.  
E bota un urro moi forte  
do teu peito, e un cantar,  
sacando con viño as nubes  
que entoldan o teu ollar.



Un cantar pola túa boca,  
pero un cantar comunal,  
non privado, solidario,  
o verdadeiro cantar.  
Pancada na alma caída,  
abalo de espabilar,  
sacando con viño as nubes  
que enroldan o teu ollar.



Mário Herrero

ocuparão os jardins  
com fotografias velhas dos avós  
brinquedos rotos, ossamentas,  
regras e biografias  
e nós calaremos,  
afogados polo peso da memória,  
sem sabermos como administrá-la,  
aqui, perdidos em pequenos quartos  
perdido todo o respeito polos nossos heróis  
velhos, e as suas fotografias  
ocupando os jardins, os umbrais  
e os pequenos quartos em que nos perdemos,  
cada vez mais, a construímos livros,  
labirintos, uma casa, qualquer casa  
morreremos lentos,  
ancorados em biografias

(publicado em *A vida extrema*, publicação electrónica  
das Edições ArcosOnline, 2005)

poema cool

(Tenho de ir preparando  
a estética da minha queda:  
reclamo para mim  
o nome de perseguidor)

a Julio Cortázar, por palavras que justificam  
o aborrecível exercício da leitura

a Clint Eastwood, por *Bird* e por *Unforgiving*

hoje vi um filme sobre Charlie Parker,  
heroína e cool jazz, eu não compreenderei,  
mas intuo na voz do saxo  
uma das chaves que abrem as portas  
(Tom Waits, álcool e fumo, não, eu não compreendo)  
as imprecações de Morrison  
estão muito mais perto, canta  
mãe do blues, porque eu sonho com um profundo  
sul, o de Williams adulterado por formosos  
filmes de ódio e sexo cru: Brando e  
Newman, desejo que bate  
nas asas do pássaro da juventude.  
porque há tanto suor entre as pernas  
ao norte do sul,  
ao sul do norte.  
e ainda esse touch  
of evil que nos ajuda a resistirmos tanto  
calor: intuo no be-bop um sexo animal,  
no cool escuto o ruído duma porta entreaberta.  
esse negro ébrio de vida: sinto tanta inveja.  
hoje vi um filme sobre Charlie Parker,  
sem dúvida era um grande cavalo azul.

(não publicado, colado na parede do Bar Maeloc, na Crunha)

tenho de ir preparando  
a estética da minha queda:  
reclamo para mim  
o nome de perseguidor



# Unha Lámina de Auga

O río é unha lámina  
de auga  
desfacendo o centilar  
das estrelas  
que baixan agarimosas  
a bicar  
a diafanidade das profundidades.  
Discorre inmutable  
ata xuntarse  
co frío salitre do mar,  
e morre.


A esbelata música do vento  
afina a lonxanía da memoria  
que ardente chega nos mences calmos  
crebando as mans insomnes do desvelo.  
Imaxes sen nome definido  
desprazan a ledicia do recordo  
nun tránsito de trevas polo río.  
E unha, volta dos espazos debullados,  
Translúcida, como as follas do salgueiro.



O corvo vivía a morte do río  
como unha escultura recortada no vento,  
que retorna co a música recuperada de séculos,  
nas alboradas espidas de futuro.  
As luces do pasado desfanse desfiañadas  
cara a miña fiestra  
nun esforzo irrepitible de conquistar o ceo;  
e as esperanzas, despoñadas pola guerra implacable  
que supón soportar este mundo do absurdo.

Todo ten sentido de deserto,  
de abdicación, de áreas desoladas,  
aínda que loitemos cos ollos da memoria  
polo amor que esmorece alén da eternidade.





Antón Lopo  
vAn

Tumbeime baixo a mosqueira  
como unha libreta de viaxe  
que se abre ao acabar o día.  
Díxenlle, "writeme"  
e troquelouse a min,  
azul profundo e movedizo.

(Varanasi, 2004)

tres

Nadamos río arriba e tinxímonos co óxido das súas fontes,  
coas diminutas algas que se desprenden das algas para inzar  
[nas torrentes,  
co abrazo lamacento das árbores que, noutro tempo,  
[foron árbores e agora son  
tamén río.

Ela ofrécelle a visión dos seus peitos aos ermitaños.  
El detense por veces e acena os brazos, como un xacio que esperta.  
Eu, rindo.

Río arriba até o lugar onde centos de libélulas copulan mirando o sol,  
sobre plantas acuáticas, tan cerca do solsticio  
que nunca é noite nise treito do río cando chega xuño  
e nil hai unha explosión de clorofila e insectos.  
Se delecteases as margaritas,  
sempre che dirían si.

As libélulas dobran o abdome de pracer  
e o pracer debe ser tan intenso que as súas contorsións son imposibles.  
As ras gorguexan dunha ribeira á outra,  
chamándose entre si polo nome cadencioso das ras.  
As bolboretas baten no aire  
e déixanse caer.  
Hai grilo, zapateiros remendando a corrente, moscas que non vemos  
[pero sentimos  
ao lonxe, como unha caixa  
de ritmos.

Hai paxaros que aniñaron nos amieiros e pinzan o ceo.  
Dúas serpes rózannos ao nadar  
e il canta.  
Ela estremécese.  
Eu mergúllome na auga  
e lámboos alternativamente dos pés á boca.  
Non sei se o cuspe é o meu, o dela, a auga ou il, que está a suar.  
Tampouco sei a quen lle pertence a lingua que me entra na boca,  
nin quen pregunta se aquilo é amor,

nin cal dos tres responde,  
“é o río”.

(A Ulloa, 2003)



O río que nos entregou pulseiras  
para oílas soar á madrugada.  
Que nos deu as cazoletas das cores  
e as barbas de Withman en primavera.  
O río que nos regalou pneumáticos  
xiróvagos para a danza do amor.  
A incandescente fondura das pozas.  
Os monstros. O suicidio emocional.  
O río que se devorou as vacas.  
O das illas de garzas e amarellas.  
O río que interrogamos, infectados  
de pánico, sexo e liberación,  
oráculo dunha identidade móbil  
que nos impulsaba todos os días  
a navegar o fluído do caos.  
O río que lle pagou ao barqueiro  
para ir ao outro lado e volver  
bicándonos desde as beiras da morte.

(Monforte de Lemos, 2005)



Nunca nos bañamos no mesmo río.  
Nunca facemos o mesmo camiño.  
Nunca amamos o mesmo home.

(Compostela, 2004)



## Luz Pozo Garza

QUERÍAS VER O MAR antes da morte  
procurabas no mar a infinitude  
un vo de eternidade  
lonxe do desamparo da imaxe primixenia  
nos minifundios da alma


Buscabas o absoluto no mar coma un espello vacilante  
naqueles días posiblemente exhaustos  
Nas avenidas de alcipreses nunha mañá fluvial  
mesmo gloriosa dun Domingo de Ramos  
Na realidade aceda de Galicia  
Talvez no nome dos teus fillos...

Ollabas nos ratratos esvaídos dos mortos  
Na persistencia da saudade  
Nos altares de outono  
Na chuvia polas tempas e a caluga

Para matar o tedio  
botarías barquiños de papel no regueiro do Pazo  
cun poema moi triste escrito en letra inglesa  
Collerías amoras nas silveiras dos camiños poirentos  
Ramallos de mimosas  
cómplices do regreso azul dos días

Sairían da escola os nenos do infortunio  
cun mandilón a raías  
e as pizarras transgredidas de cuspe

Contemplabas os espellos sen azougue da existencia  
Era o mar a ferida dun anxeio infinito



AQUEL MAR INSUMISO e sempre meditado  
-achegádemme ó mar  
abrir ventanas  
no arrepío da morte hei ver as ondas

¿Era aquel o teu mar do final da existencia?  
Un mar nunca esquecido e acaso recobrado  
nunha memoria póstuma  
na estación das camelias que suceden á morte  
onde a luz é certeza

Mar insumiso da desesperanza  
cómplice do abandono como unha ave difundida no vento  
Querías ver o mar en estado de fuga  
O seu latir en tempos de infortunio

Buscabas a razón do teu destino  
Na chuvia  
Nos últimos navíos  
No pacto das palabras  
Nun aquel de escritura xa en quebranto  
No vacío das cousas  
No seu valeiro existencial e mudo

Ollabas no caderno perdido de follas amarelas  
Na exigua permanencia das horas favorables  
Na radical soidade  
Na radical soidade  
Na radical soidade coma un eco  
Na radical soidade coma un eco

## Diálogo de Amirgin

Así parlamentei con Banba no seu reino  
Así parlamentei con Fotla no seu reino  
Así parlamentei con Eriu no seu reino  
e prometín que Eire ha ser o nome de Irlanda  
para sempre

Elas quixeron coñecer a miña identidade  
e preguntou a raíña Banba:

Acaso es ti o tributario do Sol  
O dono do misterio  
a Lúa en fase crecente

E preguntou a raíña Fotla:

que sabes da correspondencia  
dos sete metais  
penetras na sabedoría dos Tuatha Dé Danann  
na relación da arpa e o sistema solar

E preguntou a raíña Eriu:

coñeces o fulgor da escritura oghámica  
o dominio das letras primordiais no cosmos  
as sílabas que impulsan o navío  
sen velas e sen remos

Eu Amirgin fun quen de responder:

intégrome na Ara Solis das Físteras  
na inmovilidade do centro mítico  
na forza ascensional da Tor de Breoghan  
Son a ponte que abrangue  
as mil rías atlánticas das físteras



Alfonso Pexegueiro

*fósiles dunha xeración utópica*

...

*significa  
que o mar nos foi deixando solitarios  
como ás bestas  
e non puidemos derrubar a esperanza*

-----

sobre este corpo quizais de cansazo  
sobre esta loucura de cubrirmos cos nosos corpos

...

nada hai que dicir

...

a trampa  
o raposo  
a donicela  
o oso e a aguiá cando queren coñecer ¿qué preguntan?

## ¿SERÁN OS CISNES QUE VOLVEN?

*Contan que arrastraban as súas formas e o seu  
vacío como aves na cidade, outros afirman  
que buscaban o tempo...*

¿Serán os cisnes que volven?  
UN POBO QUE EMIGRA TALADRANDO PEDRA  
arrastrándose en círculos  
e todos correndo (e a morte saíu a abrazalos)

e ninguén nas rochas do tempo  
ninguén na casa  
ninguén na cita

(o mariñeiro contempla as ondas en días de tormenta  
e atopa perigoso o seu xogo)

e o vello tolo volvendo a casa, anque xa  
hai anos  
que  
para sempre  
desapareceu, para todos

o vello tolo  
agora que o tempo nos *mece*  
vello arce

perigoso fenómeno o da trístiza no corpo  
...  
¿é quizais o cisne que volve?

## RUMOR

*Oh, volve o mensaxeiro; o perdido volve;*

Xogando, coas caxulas da soidade entre os dedos  
como veleiros de amor  
plumas de aves traspasadas, ameazadas  
pola repentina aparición do tempo

así

baixan as veas da noite consumindo o día

sen mortos  
sen vivos

así caen as libélulas e os soños

brétema azul  
dun  
país  
que xamais habitei

(no canaval, ¿quen cruzará á luz cara o mar?)



## FISURA

*e o verde abriuse coma dous choques de vacío*


E a dor está preto, sen meixelas, sen ósos,  
movéndose  
(Memoria e Nervios)

¿Quen son tan fráxiltrozando ósos  
e tristeza, estrañeiros  
os meus pensamentos, estrañeiras as miñas preguntas,  
estrañeiros os meus soños?

oh, vella cidade ardendo

as chuvias de xullo e agosto fenden todos os ventos





**José Viale Moutinho**  
REGRESSO A OUTROS TEMPOS

“O artista que sente qualquer coisa dentro de si, fará o impossível para trazer essa coisa à luz do dia.”

– José Bacelar, *A Arte, política e liberdade*, 1941.


Ao cabo destes anos todos, desde o ano de 1966,  
o olhos que emergiam nos quadros soltaram-se,  
atentos como sempre, das sombras dos homens  
e reencarnaram nos mais atentos animais da terra:  
nos lobos que rondam os vivos e os mortos, uivando,

eis-nos na véspera do apocalipse, no rude arrumar  
dos móveis que servirão no salão do tribunal do mundo,  
os arquivos da humanidade somam e seguem os libelos  
espelhados naqueles olhares de extrema atenção,

o pintor, após a travessia das desoladas paisagens  
desenha de novo as suas armas, colocando-as sob  
a forma de pequenas células onde os rostos e os gestos  
refletem o fim da nossa idiota fábula neoliberal,

no limiar do tempo, com a alavanca da mudança, o eco  
espectador no seu haver interroga, interroga-se, faz  
e desfaz a porta da sombra, acotovela os personagens,  
estuda-lhes a reacções, integra-se no motim, mede  
a força do vento, calcula a carga do medo, impróprio,

avança num movimento de pincel, retoma o discurso  
para elevar todas estas palavras ao extremo da pedra,  
lavrando-a, lavando-a, dizendo-a, gravando-a, sei lá,




atento à grande trama da sociedade, recupera  
as velhas lutas na cinza dos velhos incêndios,  
assim procedia, ah procedia como um profeta  
e desde então vem percorrendo o mapa deste país  
de borracha queimada e alfinetes espetados,

o pintor descobre sendas e construções, o sangue  
das estradas, o pó íntimo do caminho, as pegadas,  
passa-nos o braço por cima dos ombros revelando  
o universo oculto da passagem no sumido espaço  
do tempo entre dois tiros da mesma misericórdia.

assim, ele devolve-nos o olhar incómodo daqueles  
que vieram para julgar os chamados disparates  
da índia, sujeitos, eternamente sujeitos, às cores,  
aos saques das guerras, como sempre, na névoa,

Outubro de 1999.



## PARA A CRÓNICA DOS CAMINHANTES

Pela mais tortuosa das estradas que conduzem  
a um qualquer ponto da montanha, elas  
caminham lentamente, suportando nos ombros  
o peso da idade, da família, das coisas da família,  
a memória imensa da sua história, das suas lutas,

esse deus todo-poderoso que vive na montanha  
espreita-as, elas andam pelas pedras, pela terra,  
se chove, pela lama, no calor bebem o pó e o sol  
que estala sob o chicote no tempo, reparem como são  
tão escuras, como as suas vozes reflectem a febre,



os mais estranhos pássaros, alguns de muita rapina,  
voam em círculos sobre elas, que não podem parar,  
parando ficarão sem olhos, as garras abrirão sulcos  
nos seus seios, nos seus ventres, e os felinos  
conhecerão o sabor das bolas dos seus cabelos,

e como é ampla e brava a montanha, o próprio deus  
todo-poderoso se cansa, arrastando as pernas trôpegas  
do seu espírito onde só cabe o medo e a suspeita,  
elas agarram a vida com as suas mãos calejadas,  
olham o formidável céu que as cobre de incertezas,


e os sicários do deus todo-poderoso mostram-lhes os panos  
com que devem cobrir o rosto, desenham-lhe  
nos lábios a cruz do silêncio, setas de fogo são apontadas  
aos seus olhos, mesmo assim sorriem, é um sorriso  
cansado, mas sentem em si o poder dos corpos crus,

uma inteligência da vida, uma bandeira dentro da cabeça,  
um vozear como nunca ninguém escudou, e elas caminham  
das mãos que modelam o barro, pela maia tortuosa das estradas  
até que o tempo se esconda atrás dos seus olhos, e descobrem  
o rosto, afastam a nuvem de cinza que se aproxima, caminham,

Novembro de 2002.



**poetas convidados:**  
euskal herria e catalunya



Ostatu batean batu ginen, eta gaua hordi zetorren  
Zuk zerbait zenekarren poltsikoetan  
Nik zuk ulertzea nahiko nukeen mundua  
Eta horrela hasi ginen hizketan, baldarki  
Poltsikoak barra gainera huštu eta esan zenuen

[*nós, eta harria eta soedade*]

Eta itzuli nizun: *bizkuntza, ibili, biziraun*

Eta ibai bat sutan

Eta aihenak xuxurluka, ulertu ez genuen zerbait

Eta tren batek oiuhu

Bešte botila bat eskatu genuen –azkenaurrekoa

Norbaitek edontzi bat hautsi eta gauak babesetik ihesi

Krištaletan josiriko xoriak

Lanerako deika ari den telefonoa

Haurra muga marrazten bainontziko uretan

Begiak arrainez bete zitzaizkigun

Baina ez ginen gu mintzo ginenak

